

CANLE E SISTEMA INTENO DE INFORMACIÓN

27 DE SETEMBRO DE 2023

1. A lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción establece a obriga das sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades do sector público sexa superior ao cincuenta por cento de ter un sistema interno de información e unha canle interna de información. No sistema interno de información centralizaranse todas as informacións e comunicacións que se realicen á entidade.
2. Na referida canle interna de información poderán comunicarse calquera accións ou omisións que poidan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea, así como todas aquelas accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave.
3. O sistema interno de información – e as posibles medidas de protección a adoptar- serán de aplicación para os traballadores por conta allea, autónomos, socios, directivos e administradores, calquera persoa que traballe baixo supervisión de contratista, subcontratista ou provedores así como os traballadores que xa rematasen a súa relación laboral, voluntarios, bolseiros, traballadores en formación con independencia da percepción ou non de remuneración así como os que se atopen en proceso de selección . As posibles medidas de protección serán de aplicación, á súa vez, aos representantes legais, familiares e persoas físicas e xurídicas relacionadas coa persoa que comunique información.
4. A canle interna de información permite que se informe por escrito ou verbalmente do seguinte modo:
 - a) A través deste formulario.
 - b) De maneira presencial na sede na cidade de Santiago de Compostela, sita na rúa Varsovia, Bloque 4C, 2ª Planta, Santiago de Compostela (A Coruña), na caixa do correo que se establece na recepción.
 - c) Por correo postal ao enderezo facilitado anteriormente.
 - d) Por correo electrónico ao enderezo de [gestoretico@@sotaventogalicia.com](mailto:gestoretico@sotaventogalicia.com)
5. Os datos trataranse de acordo ao que establece o Regulamento (UE)2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.
6. A canle de información admitirá tanto denuncias anónimas como denuncias que non o sexan.
7. A comunicación exporá os feitos da forma máis detallada posible, identificando no seu caso, as persoas involucradas e o lugar onde se produciu, así como o momento no que ocorreu ou estivo ocorrendo o feito. Ademais, achegará, se se considera necesario, documentos, arquivos, probas, testemuñas ou outra información que se estime relevante para a avaliación e tramitación do expediente.

8. Remitirase notificación de recibo da comunicación ao informante, no prazo máximo de sete días naturais seguintes á recepción, salvo que iso poida pór en perigo a confidencialidade da comunicación. Ao presentar a información, o informante poderá indicar un domicilio, correo electrónico ou lugar seguro a efectos de recibir as notificacións, podendo así mesmo renunciar expresamente á recepción de calquera comunicación de actuacións levadas a cabo polo responsable do sistema interno de información como consecuencia da información.
9. O procedemento derivado da comunicación será tramitado polo responsable do sistema interno de información ou por quen este delegue e poderá acordar a inadmisión, a admisión a trámite ou a comunicación inmediata e directa ao Ministerio Fiscal ou Autoridade competente, notificándose ao informante da decisión adoptada salvo que renunciase a iso ou que a comunicación sexa anónima. No caso de admitirse a trámite, levaranse a cabo as actuacións oportunas previstas no protocolo do sistema interno de información da entidade e resolverá mediante informe que será notificado ao informante da decisión adoptada salvo que renunciase a iso ou que a comunicación sexa anónima, sendo o prazo máximo para finalizar as actuacións de tres meses desde a entrada en rexistro da información.
10. Garantirase a presunción de inocencia e o dereito á honra da persoa afectada pola información, como tamén se garantirá que teña noticia desta, así como dos feitos relatados de maneira sucinta, pero, en ningún caso, se comunicará aos suxeitos afectados a identidade do informante nin se dará acceso á comunicación. Adicionalmente informaráselle do dereito que ten a presentar alegacións por escrito no prazo de quince días hábiles, así como documentos, probas ou informacións que estime convenientes e do tratamento dos seus datos persoais.
11. A persoa que faga unha revelación pública poderá acollerse a protección se se cumpren as condicións de protección reguladas no artigo 28 e no título VII da Lei 2/2023. As medidas que se poderán adoptar son as previstas nos artigos 37 e seguintes da Lei 2/2023. Prohíbense expresamente os actos constitutivos de represalia, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia contra as persoas que presenten unha comunicación, de conformidade co previsto no artigo 36 da Lei 2/2023.
12. Ponse de manifesto aos informantes que cabe a posibilidade de presentación de comunicacións nunha canle externa de información da Autoridade Independente de Protección ao Informante de conformidade cos artigos 16 e seguintes da Lei 2/2023.
13. Os informantes e as persoas afectadas pola información terán, se así o requirisen, dereito de acceso ao protocolo completo do sistema de información da entidade.